



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G010/000003
Sesión núm. 03/2026-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

Segundo o establecido nos artigos 46, apartado 2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM) e 78 e 80 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello para a data, hora e lugar que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 26 de marzo do 2026
Hora: 20.00
Lugar: Salón dos plenos da casa do concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núm. 2/2026-P).
- 2º.- Servizo de axuda a domicilio (SAF).
- 3º.- Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 2P/2026.
- 4º.- AGASP: Convenio para asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local.
- 5º.- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha administración dixital.
- 6º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación:
 - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de febreiro ata o 20 de marzo do 2026 (núms. 268 a 455/2026).
 - B. Mocións.
 - C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO.- Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a súa imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 23 de marzo do 2026